

## 2.2. políticas activas de emprego

A análise das políticas activas de emprego está dividida en dous grandes apartados. O primeiro deles está dedicado á demanda formativa do FORCEM, que no ano 2000 rexistrou un total de 317 plans solicitados, dos que se aprobaron 243 (un 6% máis que no ano anterior). Nunha segunda parte preséntanse os datos da xestión da accións desenvolvidas no ano 2000 en execución do previsto nos “Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001”. Neste capítulo analízanse tamén os aspectos relativos á formación e orientación, ó fomento e estabilidade e ós programas de cooperación.

### Accións do FORCEM

En relación á demanda formativa do FORCEM ó longo dos segundos acordos 1999-00, no ano 2000 solicitáronse un total de 317 plans (un 10,1% máis que no ano anterior), o que representa o 5,5% do total dos plans solicitados no

conxunto estatal. Do total de plans solicitados, aprobáronse en Galicia 243 plans, un 6,6% máis que no ano anterior, o que supón o 5,1% dos plans aprobados en España.

Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a quinta comunidade en canto ó número de plans solicitados e aprobados se refire, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

O **cadro C.2.13.** (*Evolución da demanda formativa durante os II Acordos 1999-00 e poboación ocupada en Formación Continua 1999*) amosa a participación da poboación ocupada en formación continua. O número total de participantes certificados en Galicia no ano 1999 ascendeu a 96.645 persoas, que representan o 12,2% do número total de ocupados (excluído o sector público) segundo os datos da EPA.

O número de horas de formación realizadas polos participantes en Galicia na convocatoria

CADRO 2.2.1.

**Horas de formación realizadas 1998-99**

	1998	1999	99/98
	(nº de horas)		%
Madrid	10.940.955	10.623.899	-2,9
Cataluña	10.513.978	10.312.082	-1,9
Andalucía	7.862.227	7.977.455	1,5
Comunidad Valenciana	4.553.312	5.020.177	10,3
<b>Galicia</b>	<b>3.537.952</b>	<b>4.162.069</b>	<b>17,6</b>
Castela e León	3.389.711	3.489.719	3,0
Aragón	2.521.171	2.620.605	3,9
País Vasco	1.912.591	1.817.430	-5,0
Castela - A Mancha	1.706.695	1.794.482	5,1
Canarias	1.509.621	1.777.074	17,7
Asturias	1.456.174	1.420.572	-2,4
Murcia	1.238.021	1.497.042	20,9
Baleares	1.169.602	1.269.273	8,5
Navarra	948.543	943.405	-0,5
Extremadura	890.919	954.269	7,1
Cantabria	765.093	823.309	7,6
A Rioxa	421.963	370.057	-12,3
Ceuta	52.534	58.251	10,9
Melilla	18.182	20.172	10,9
<b>Total</b>	<b>55.409.244</b>	<b>56.951.342</b>	<b>2,8</b>

Fonte: FORCEM

CADRO 2.2.2.

**Formación ocupacional 1999-00: cursos, presupostos e alumnos**

	1999			2000		
	Cursos	Presupostos (en pesetas)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en pesetas)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.475	6.305.449.751	23.845	1.317	6.290.389.472	21.278
Compromisos de contratación FIP	289	643.758.975	4.442	325	1.010.785.560	4.841
Compromisos de contratación FSE	8	17.983.140	120	1	2.792.718	12
Medios propios	156	520.344.673	2.316	136	471.293.575	1.970
Plan autonómico de formación de formadores	60	63.497.900	900	74	67.576.600	1.068
Outras accións formativas	122	283.267.061	2.711	125	303.785.024	3.650
<b>Total</b>	<b>2.110</b>	<b>7.834.301.500</b>	<b>34.334</b>	<b>1.978</b>	<b>8.146.622.949</b>	<b>32.819</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.3.

**Plan FIP 1999-00: programación provincial e pluriprovincial**

	1999			2000		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en pesetas)
<b>Programación provincial</b>						
A Coruña	237	3.838	1.202.153.250	206	3.315	1.202.095.769
Lugo	152	2.461	695.783.250	159	2.582	825.274.800
Ourense	194	3.151	788.272.380	152	2.478	733.021.450
Pontevedra	248	4.055	1.187.226.630	204	3.338	1.155.283.500
<b>Total</b>	<b>831</b>	<b>13.505</b>	<b>3.873.435.510</b>	<b>721</b>	<b>11.713</b>	<b>3.915.675.519</b>
<b>Programación pluriprovincial</b>	<b>644</b>	<b>10.340</b>	<b>2.432.014.241</b>	<b>596</b>	<b>9.565</b>	<b>2.374.713.953</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

de 1999, **cadro 2.2.1.**, acadou as 4.162.169 horas (un 17,6% máis que as realizadas na convocatoria anterior), o que significa o 7,3% do total de horas realizadas en España.

### Formación e colocación: Comunidade Autónoma

Tal e como se reflicte no **cadro C.2.14.** (*Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1999-00*), o conxunto de medidas relativas ás políticas activas de emprego pódense agrupar en catro grandes grupos: Programas de mellora e empregabilidade; Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral; Programas de cooperación e escolas abradoiro; e as Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, (estas últimas analizadas no apartado 2.3.- Economía social).

O dito cadro recolle, a modo de resumo, o número de beneficiarios e o presuposto do conxunto das medidas e amosa que o número de beneficiarios permanece practicamente constante (194 beneficiarios menos) e que o presuposto total para o ano 2000 medrou un 11,4%.

#### (a) *Programas de mellora e empregabilidade*

Estas medidas, que se configuran como unha oferta integral de servizos ás persoas que están en busca de emprego, pódense agrupar en tres grandes tipos de actuacións: Formación profesional ocupacional, Orientación laboral e asesoramento para autoemprego; e Intermediación laboral.

##### • Formación profesional ocupacional

A formación ocupacional en Galicia tivo como beneficiarios no ano 2000 un total de 32.819 alumnos, 1.978 cursos programados e un presuposto de 8.146,6 millóns de pesetas. Comparado co ano anterior, o **cadro 2.2.2.** reflicte que o presuposto ascendeu un 4% (312,3

millóns de pesetas), en tanto que o número de alumnos e de cursos descenden respecto ó ano precedente (2.110 cursos e 34.334 alumnos no ano 1999).

No que ós cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, ó longo do ano 2000 programáronse un total de 1.317 cursos: 596 cursos de programación pluriprovincial e 721 cursos de programación provincial. Ós cursos de programación provincial, ós que asistiron un total de 11.713 alumnos, adicáronse un total de 3.915,7 millóns de pesetas, distribuídos segundo se reflicte no **cadro 2.2.3.** Ós 596 cursos de programación pluriprovincial asistiron un total de 9.565 alumnos, sendo o seu presuposto de 2.374,7 millóns de pesetas.

Respecto á distribución sectorial destes cursos, o **cadro 2.2.4.** recolle a programación dos cursos do Plan FIP e amosa que o sector servizos é o que acolle o maior número de cursos e alumnos, con 475 e 7.505, respectivamente, sendo o seu investimento de 1.888 millóns de pesetas. Séguelle en importancia o subsector administración e oficinas, con 221 cursos no ano 2000, e un total de 3.612 alumnos. Entre os dous acollen o 52,8% dos cursos programados e reciben o 44,8% do investimento total.

No concernente ós cursos con compromiso de contratación, **cadro 2.2.5.**, no ano 2000 mantívose o criterio de potenciar este tipo de cursos mantendo os tres requisitos de contratar a un 60% dos alumnos que inicien os cursos, cunha duración mínima do contrato de 6 meses e por un tempo equivalente ou superior a media xornada. Neste obxectivo de potenciación dos cursos con compromiso de contratación, ó longo do ano 2000 incrementouse tanto o número de centros (21,4%) e cursos (12,4%), como o número de alumnos (9%) e o seu presuposto (57%).

En canto á súa distribución xeográfica, o devandito **cadro 2.2.5.** reflicte que a provincia de Pontevedra é a que maior número de cursos programou, con 194 cursos, e acolle a un total de 2.889 alumnos (o 59,7%). Séguelle en importancia A Coruña con 66 cursos e 997 alumnos (o

CADRO 2.2.4.

Plan FIP 1999-00. Distribución sectorial

Sector	1999			2000		
	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en pesetas)
Administración e oficinas	386	6.230	1.475.996.475	221	3.612	930.336.825
Agricultura	57	914	223.955.171	51	812	213.814.500
Artesanía	28	451	132.891.825	26	416	179.502.825
Automoción	26	424	118.904.625	14	237	119.534.250
Comercio, márketing e vendas	216	3.380	867.860.775	73	1.154	268.898.575
Comunicación	18	305	117.934.245	12	198	83.013.525
Construcción	99	1.674	658.016.475	79	1.364	621.166.655
Industria	35	565	194.443.275	55	887	282.995.847
Industria agroalimentaria	9	141	45.886.500	10	152	50.183.100
Madeira e moble	33	565	233.367.225	35	576	235.059.900
Mantemento instalacións	89	1.475	480.903.630	64	1.074	386.204.950
Medio ambiente	13	206	54.431.325	-	-	-
Outros	25	380	57.475.350	-	-	-
Pesca e acuicultura	1	15	4.326.000	-	-	-
Sanidade	110	1.772	305.673.600	86	1.423	363.912.446
Servicios	201	3.246	709.363.650	475	7.505	1.888.250.847
Téxtil	59	940	223.787.325	26	408	113.929.983
Turismo e hostalería	70	1.162	400.250.280	90	1.460	553.585.244
<b>Total</b>	<b>1.475</b>	<b>23.845</b>	<b>6.305.467.751</b>	<b>1.317</b>	<b>21.278</b>	<b>6.290.389.472</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.5.

Cursos con compromiso de contratación 1999-00

	1999				2000			
	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)
A Coruña	43	70	1.069	223.627.395	52	66	997	258.887.060
Lugo	12	13	179	59.682.675	19	34	461	205.303.730
Ourense	19	36	571	111.272.630	15	31	494	132.597.225
Pontevedra	24	170	2.623	249.176.275	33	194	2.889	413.997.545
<b>Total</b>	<b>98</b>	<b>289</b>	<b>4.442</b>	<b>643.758.975</b>	<b>119</b>	<b>325</b>	<b>4.841</b>	<b>1.010.785.560</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.6.

Cursos con compromiso de contratación 1999-00: distribución sectorial

Sector	1999			2000		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en pesetas)
Administración e oficinas	5	76	4.893.000	6	80	11.047.800
Agricultura	3	41	11.415.495	10	164	89.376.375
Artesanía	1	12	11110500	4	49	18.458.000
Automoción	1	11	5190750	132	1.979	105.233.700
Comercio, marketing e vendas	20	338	37.843.950	25	395	61.189.210
Comunicación	1	10	2.605.650	2	27	19.459.500
Construcción	1	10	5.768.000	10	141	54.781.775
Industria	7	113	52.936.875	28	416	135.105.765
Industria agroalimentaria	1	16	4.022.250	3	30	13.653.710
Madeira e moble	4	55	26.309.175	6	82	51.482.250
Mantemento instalacións	-	-	-	6	89	43.545.790
Outros	155	2.390	169.512.050	-	-	-
Sanidade	11	174	26.964.750	14	210	46.887.150
Servicios	4	62	20.332.550	17	249	70.905.730
Téxtil	71	1.075	231.733.575	53	808	225.927.030
Turismo e hostalería	4	59	33.120.405	9	122	63.731.775
<b>Total</b>	<b>289</b>	<b>4.442</b>	<b>643.758.975</b>	<b>325</b>	<b>4.841</b>	<b>1.010.785.560</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

## CADRO 2.2.7.

Programación con medios propios <sup>(1)</sup> 1999-00

	1999			2000		
	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)
A Coruña	42	625	138.988.875	49	731	205.100.350
Lugo	56	875	216.222.360	45	685	147.601.200
Ourense	48	665	138.936.437	34	430	92.699.700
Pontevedra	10	151	26.197.001	8	124	25.892.325
<b>Total</b>	<b>156</b>	<b>2.316</b>	<b>520.344.673</b>	<b>136</b>	<b>1.970</b>	<b>471.293.575</b>

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia  
Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

## CADRO 2.2.8.

## Programación con medios propios 1999-00: distribución sectorial

Sector	1999			2000		
	Cursos	Alumnos	Presuposto (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Presuposto (en pesetas)
Administración de oficinas	21	314	59.478.200	13	194	43.017.375
Agricultura	20	297	60.335.100	20	299	56.369.325
Artesanía	2	29	7.990.000	1	13	5.171.750
Automoción	6	92	24.359.488	2	30	5.010.000
Comercio, marketing e vendas	4	60	14.520.075	5	58	17.772.650
Construcción	14	210	56.135.400	10	153	48.274.800
Industria	14	215	54.556.200	19	262	63.735.800
Madeira e moble	7	110	48.175.500	6	92	44.393.000
Mantemento instalacións	32	449	111.847.409	17	222	72.812.250
Medio ambiente	1	16	3.018.376	-	-	-
Outros	1	15	460.200	-	-	-
Sanidade	4	61	11.608.875	2	30	10.968.750
Servicios	21	306	42.774.075	32	478	70.633.625
Téxtil	2	31	6.684.375	4	60	16.548.000
Turismo e hostalería	7	111	18.401.400	5	79	16.586.250
<b>Total</b>	<b>156</b>	<b>2.316</b>	<b>520.344.673</b>	<b>136</b>	<b>1.970</b>	<b>471.293.575</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

20,6%). As provincias de Lugo e Ourense acollen 34 e 31 cursos, ós que asisten un total de 461 e 494 alumnos, respectivamente.

O **cadro 2.2.6.** reflicte a distribución sectorial dos cursos con compromiso de contratación. Nel pódese apreciar que o subsector da automoción é o que acolle un maior número de cursos e alumnos, con 132 e 1.979, respectivamente. Séguelle en importancia o subsector téxtil, con 53 cursos en 2000 e un total de 808 alumnos. Entre ámbolos dous acollen o 56,9% dos cursos e o 57,6% dos alumnos.

Con cargo ó presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 136 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 471,3 millóns de pesetas. Do total dos cursos, o **cadro 2.2.7.**

reflicte que a provincia que acolleu o maior número de cursos e alumnos foi A Coruña, con 49 cursos e 731 alumnos, seguida de Lugo, con 45 cursos e 685 alumnos.

Atendendo á distribución sectorial da programación dos cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia, o **cadro 2.2.8.** reflicte que é o sector servicios o que acolle o maior número de cursos e alumnos, con 32 e 478, respectivamente, seguido polo sector agrícola, con 20 cursos e 299 alumnos no ano 2000.

Xunto á programación e cursos do Plan FIP, a Dirección Xeral de Formación e Colocación aprobou no exercicio de 2000 unha serie de accións de formación específicas en función das súas características, dos colectivos ós que ían

CADRO 2.2.9.

**Accións de orientación laboral 2000**

	<u>Beneficiarios</u>	<u>Homes</u>	<u>Mulleres</u>
	<i>(nº de persoas)</i>		
<b>A Coruña</b>	19.070	7.308	11.762
<b>Lugo</b>	7.573	2.920	4.653
<b>Ourense</b>	7.676	3.075	4.601
<b>Pontevedra</b>	16.039	5.380	10.659
<b>Total</b>	<b>50.358</b>	<b>18.683</b>	<b>31.675</b>

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.2.10.

**Asesoramento para autoemprego 2000**

	<u>Beneficiarios</u>	<u>Homes</u>	<u>Mulleres</u>
	<i>(nº de persoas)</i>		
<b>A Coruña</b>	355	153	202
<b>Lugo</b>	90	41	49
<b>Ourense</b>	170	85	85
<b>Pontevedra</b>	313	142	171
<b>Total</b>	<b>928</b>	<b>421</b>	<b>507</b>

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

destinadas ou da súa finalidade de complementar as carencias detectadas na programación do Plan FIP.

Así no ano 2000 realizáronse un total de 125 cursos de formación nos que participaron un total de 3.650 alumnos, cun presuposto de 303,8 millóns de pesetas. Dentro desta especialidade, tamén se desenvolveu un curso que tiña, por parte da entidade, compromiso de contratación, ó que asistiron un total de 12 alumnos, e cun presuposto de 2,8 millóns de pesetas.

• Orientación laboral e asesoramento para autoemprego

De forma complementaria ó Servicio Galego de Colocación existe unha rede de orientación laboral que está formada na actualidade por case 300 profesionais en máis de 180 puntos de atención. O número total de beneficiarios das accións de orientación ascendeu a 50.358 persoas (50.630 persoas no ano anterior), das que 18.683 son homes e 31.675 son mulleres.

Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña é a que acolle o maior número de bene-

ficiarios, con 19.070 persoas, seguida de Pontevedra, con 16.039. Comparado co número de beneficiarios do ano anterior, tan só estas dúas provincias experimentan un aumento no número de persoas beneficiadas, acollendo no ano 2000 o 69,7% do total de beneficiarios fronte ó 65,3% do ano anterior (**cadro 2.2.9.**).

Dentro das accións de orientación destacan tamén aquelas destinadas ó asesoramento para as persoas que pretenden establecerse como empresarios. No ano 2000 a rede de autoemprego atendeu a un total de 928 solicitudes (1.035 no ano anterior), das que 421 pertencen a homes e 507, a mulleres (**cadro 2.2.10.**).

Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña e Pontevedra acollen 355 e 313 solicitudes, respectivamente, o que representa o 72% do total de solicitudes no ano 2000. O número de beneficiarios das accións de asesoramento descende en tódalas provincias no ano 2000 agás en Pontevedra, onde o número de beneficiarios pasa de 301 a 313 solicitudes. Ourense é a provincia que experimenta o maior descenso, pasando de 245 beneficiarios de 1999 ós 170 do ano 2000 (o 45,1% menos).

## CADRO 2.2.11.

## Programa de inserción laboral. Renta activa de inserción. 2000

	Beneficiarios (1) (nº de persoas)	Citas concertadas	Citas/Benef. %
A Coruña	741	535	72,2
Lugo	276	217	78,6
Ourense	464	454	97,8
Pontevedra	590	570	96,6
<b>Total</b>	<b>2.071</b>	<b>1.776</b>	<b>85,8</b>

(1) Os datos dos beneficiarios totais están recollidos a 15/11/2000, aínda que a actuación con cada un deles prorrogase ata o ano 2001.

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

## CADRO 2.2.12.

## Funcionamento do Servizo Galego de Colocación. Nº de demandas e ofertas xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia. 2000

	Demandantes			Ofertas xestionadas		
	Homes	Mulleres	Total	Oficinas de emprego da Xunta	Centros asociados	Total
A Coruña	14.108	15.298	29.406	13.574	25.495	39.069
Lugo	3.965	4.276	8.241	3.583	4.192	7.775
Ourense	4.152	4.650	8.802	4.547	10.413	14.960
Pontevedra	10.957	13.775	24.732	12.698	17.416	30.114
<b>Total</b>	<b>33.182</b>	<b>37.999</b>	<b>71.181</b>	<b>34.402</b>	<b>57.516</b>	<b>91.918</b>

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

Desenvólvese tamén un “Programa de Inserción laboral. Renta activa de Inserción” para traballadores desempregados de longa duración en situación de necesidade e maiores de 45 anos. Este combina medidas de emprego activas, xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, cunha renda mensual que aboa o INEM. O RD 236/2000, de 18 de febreiro, polo que se regula un programa de inserción laboral para os traballadores desempregados de longa duración en situación de necesidade, maiores de 45 anos, establece a necesidade de concertar, con cada usuario, alomenos unha cita mensual destinada á elaboración e seguimento do plan persoal de inserción de cada beneficiario mentres dure a súa situación de perceptor da renda activa (10 meses), polo que o programa terá continuidade ó longo duns meses do vindeiro ano.

Tal e como reflicte o **cadro 2.2.11.**, o número de beneficiarios deste programa ascendeu a 2.071 persoas e se concertaron un total de 1.776 citas. A provincia de A Coruña, con 741 persoas, é a que acolle o maior número de beneficiarios, seguida de Pontevedra, con 590 bene-

ficiarios, en tanto que Ourense e Pontevedra presentan a maior relación beneficiarios/citas concertadas, cunha porcentaxe superior ó 95%.

#### • Intermediación laboral

Esta liña de actuación consiste na xestión eficiente da demanda de emprego e a súa posta en relación coas ofertas xeradas polo mercado de traballo. O Servizo Galego de Colocación conta para estas actividades cunha rede de intermediación laboral formada por 51 oficinas de emprego e 276 centros asociados, os cales dispoñen de 670 entrevistadores e 201 membros de persoal auxiliar.

No ano 2000 o número de ofertas de traballo xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, **cadro 2.2.12.**, foi de 91.918, das que 34.402 (o 37,4%) corresponden a oficinas de emprego e 57.516 (o 62,6%) corresponden ós centros asociados ó Servizo Galego de Colocación.

Respecto ó número de demandantes, no ano 2000 este ascendeu a 71.181 persoas

CADRO 2.2.13.

*Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral 1999-00*

Procedemento	1999		2000	
	Nº expedientes	Nº traballadores	Nº expedientes	Nº traballadores
Contratación indefinida discapacitados	284	292	388	403
Fomento da contratación indefinida	11.329	17.637	10.516	15.692
Fomento contratos en prácticas	1.046	1.250	1.590	1.906
Apoio a substitución traballadores/as	208	210	631	641
Contratación traballadores difícil reinserción	34	36	56	56
<b>Total</b>	<b>12.901</b>	<b>19.425</b>	<b>13.181</b>	<b>18.698</b>

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.2.14.

*Empresas e traballadores beneficiarios das accións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral. 1999-00*

	1999		2000	
	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores
A Coruña	4.896	7.578	5.316	7.832
Lugo	1.850	2.616	1.803	2.219
Ourense	1.147	1.721	1.103	1.463
Pontevedra	5.008	7.510	4.959	7.184
<b>Total</b>	<b>12.901</b>	<b>19.425</b>	<b>13.181</b>	<b>18.698</b>

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

(108.911 no ano anterior), das que 37.999 foron mulleres e 33.182 homes (45.943 e 62.968, respectivamente, no ano anterior). Atendendo ó seu nivel académico, a meirande parte destes demandantes posúen graduado escolar (20.202 demandantes), certificado de estudos primarios (15.338 persoas), ou BUP/B. Superior/COU (10.822). Entre estes tres grupos acollen o 65,1% das demandas realizadas, cando no ano precedente, esta porcentaxe ascendía o 66,8%.

Neste eido cóntase tamén coa presenza da Rede EURES, que mantén a disposición de tódolos usuarios unha base de datos de condicións de vida e traballo, así como un acceso público á base de oferta de emprego. Ó longo do ano 2000 o número de contactos cos demandantes de emprego foi de 8.069 e o total de demandas de emprego tramitadas foi de 3.550.

**(b) Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral**

No ano 2000 beneficiáronse das distintas medidas de fomento da contratación un total de 18.698 traballadores, 727 menos que no ano anterior, sendo o investimento total neste tipo de acuacións de 6.001,6 millóns de pesetas (5.922,1 millóns de pesetas no ano 1999).

Dos distintos procedementos recollidos no **cadro 2.2.13.**, 16.111 traballadores accederon a un contrato indefinido e 2.587 a un contrato temporal ou de duración determinada. Destes últimos, 1.906 responden á modalidade de contratación en prácticas, contrato deseñado para favorecer-la formación práctica e como instrumento ponte para facilita-lo acceso a un contrato estable; 641 foron contratos de interinidade por causa de maternidade ou por excedencia por coidados de familiares, e 40 foron contratos temporais asinados con desempregados pertencentes a colectivos en perigo de exclusión social.

Respecto á incidencia porcentual na distribución provincial das empresas e traballadores beneficiarios en Galicia, **cadro 2.2.14.**, A Coruña e Pontevedra acadan un nivel similar, con valores en torno ó 40% do total, en tanto que Ourense presenta porcentaxes do 8%, e Lugo entre o 11% e o 14%.

**(c) Programas de cooperación e escolas obradoiro**

A análise dos programas de cooperación e escolas obradoiro pódese dividir en tres grandes apartados: por unha banda, a análise de coopera-



## CADRO 2.2.15.

**Programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións 1999-00**

	1999		2000	
	Entidades	Traballadores	Entidades	Traballadores
<b>Programas de cooperación con entidades locais</b>				
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	318	4.940	333	5.276
Axudas para a contratación de Técnicos Locais de emprego (1)	212	234	219	248
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos (2)	39	196	46	308
<b>Total</b>	<b>569</b>	<b>5.370</b>	<b>598</b>	<b>5.832</b>
<b>Programas de Cooperación con outras administracións (3)</b>				
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese	45	330	60	391

(1) Denominados en 1999 Axentes de emprego e desenvolvemento local

(2) Introdúcese o dos tres anos

(3) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

## CADRO 2.2.16.

**Escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento 1999-00**

	1999	2000
<b>Escolas obradoiro e casas de oficios</b>		
número	80	60
alumnos	3.821	2.810
postas en marcha ó longo do exercicio	28	15
alumnos	1.473	596
<b>Obradoiros de emprego</b>		
número	5	23
beneficiarios	247	901
<b>Unidades de promoción e desenvolvemento</b>		
número	3	3
beneficiarios	24	24

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

ción con entidades locais; por outra os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; e finalmente, as escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento (**cadros 2.2.15. e 2.2.16.**).

En relación ós programas de cooperación con entidades locais, subvencionouse algún programa de cooperación ós 311 concellos que o solicitaron, o que representa o 98% dos concellos galegos.

No eido destes programas de cooperación, no exercicio 2000 beneficiáronse da “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social” un total de 333 entidades, participando 5.276 traballadores desempregados, un 6,8%

máis que no exercicio anterior. A duración media destes contratos situouse en 6,2 meses, fronte ós 6 meses do ano anterior.

No caso das contratacións de técnicos locais de emprego, no ano 2000 o número de técnicos subvencionados chegou ata os 248 (un 6% máis que en 1999), con 219 entidades locais beneficiarias e un investimento superior ós 753 millóns de pesetas.

No programa referido ás contratacións polas entidades locais de servizos públicos con empresas cualificadas como iniciativas de emprego, con centros especiais de emprego ou con empresas de economía social constituídas por xoves ou por desempregados que participan nalgún obradoiro de emprego ou curso de formación ocupacional ou por parados de longa duración ou por mulleres, investiuse en torno ós

CADRO 2.2.17.

**Especialidades máis impartidas nas escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego 2000**

Familia profesional	Escolas obradoiro e casas de oficios	Obradoiros de emprego
	%	
Construcción	41	35
Carpintería de madeira	19	12
Xardinería	17	20
Medio ambiente/Forestal	7	9
Instalacións	4	8
Carpintería metálica/Forxa	9	5
Xoiería	-	4
Marroquinería	-	3
Servicios á comunidade	-	3
Outras	3	1

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

297 millóns de pesetas (un 78% máis que en 1999). O número de entidades locais, **cadro 2.2.15.**, que contrataron a prestación de servizos públicos con este tipo de empresas foi de 46 e os traballadores beneficiarios dos programas foron 308.

No concernente ós programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, no ano 2000 as entidades beneficiadas foron 60 (15 máis que no ano 1999), participando un total de 391 traballadores (61 máis que no ano anterior). A media da duración dos contratos foi de 8,3 meses cando no ano anterior situábase en torno ós 7 meses.

Finalmente, no caso das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ó longo de 1999 beneficiáronse das accións formativas das 60 escolas obradoiro e casas de oficio, un total de 2.810 desempregados menores de 25 anos, dos que o 30% son mulleres (**cadro 2.2.16.**).

Durante o ano 2000 puxéronse en marcha un total de 15 novas escolas obradoiro e casas de oficios, participando nelas un total de 596 xoves desempregados. A 31 de decembro estaban en funcionamento 29 proxectos, que dan cabida a 1.253 desempregados menores de 25 anos.

O **cadro 2.2.17.** recolle as especialidades

máis frecuentemente impartidas, onde salienta a construción (41%), carpintería de madeira (19%) e as actividades de xardinería (17%).

Os 23 obradoiros de emprego en funcionamento no ano 2000, que buscan mellora-las posibilidades de inserción laboral dos desempregados de 25 ou máis anos, e nos que ten prioridade aqueles que teñan especiais dificultades para inserirse no mercado laboral, acolleron un total de 901 traballadores desempregados principiantes.

Ó longo do ano 2000 puxéronse en marcha 18 novos proxectos de obradoiros de emprego, nos que participan un total de 654 desempregados maiores de 25 anos, funcionando a 31 de decembro tódolos proxectos. As especialidades impartidas máis frecuentes dos devanditos obradoiros reflíctense no **cadro 2.2.17.** ■